

21

## O "FLASHBACK"

Chega a casa exhausta. Abre a porta e automaticamente, coma un robot, cerra, quita a chaqueta do traxe, cólgaa... Todo isto pensando en todo o que pasara: pésames, choros, a choiva caendo sobre eles esperando a que o féretro entrase na súa tumba. Que día máis duro!...

Unha vez dentro, dirixese ao salón, onde se encontra a súa pequena de cinco anos. A nena está a ver algún debuxo animado. Cando ve a súa nai sorrille, sen sospeitar sequera o que pasaba. Como llo diría? Era demasiado pequena para entendela...

Despois de bicarlle a cabeza a súa filla, dirixese ao seu cuarto. Alí encóntrase o seu marido deitado na cama, de costas a ela, sen dúbida durmindo por un duro día de traballo. Bícao na meixela como fixera coa súa filla e saíu do cuarto. Mirou o reloxo, que marcaba as nove en punto.

Suspirou e dirixiuse cara á cociña, onde se encontraba a nena esperando pola cea, sen dúbida con fame. Fíxolla e despois de que comera, preparou todo para que fose para a cama. Unha vez que a nena xa estaba arroupada baixo as mantas, dirixiuse a facer todo outra vez para si mesma.

Xa deran as dez despois de que ceara, se aseara, puxera o pixama e recollera todo. Unha vez feito isto, dirixiuse ao cuarto. O seu marido seguía durmindo. Esta vez estaba cara a ela. Deulle outro bico e pasou por encima del con coidado de non o espertar. Deitouse e tapouse coas mantas decidida a durmir e non pensar en nada. De súpeto, veulle un "flashback"...

-4:30 da tarde, dous días antes-

*-Bos días, son o oficial Mayers, da brigada de accidentes de tráfico. É vostede a señora Miller?*

*-Si, son eu. Pero está todo ben, oficial? Que pasou?*

*-Mire, chámoo para dicirlle que sucedeu un accidente de tráfico. Cando demos chegado identificamos o corpo e coincidiu co seu marido. Non podemos facer nada, síntoo moito, señora.*

*En canto acabou de oír a frase, deixou caer o móbil ao chan, o cal aínda seguía en chamada (causando a preocupación do axente) que non podía facer nada por calmar a muller, derrotada e co corazón roto.*

E aí foi cando a verdade a golpeou. Ela non ten marido, xa non. Fora o funeral ese mesmo día. O temor traspáasaa como unha frecha. Quen é o que está o seu carón...?

Antes de se responder, un segundo "flashback" veulle á mente...

-7:30 da tarde, dous meses antes-

*O señor e a señora Miller entraron na consulta. O doutor xa ten os papeis encima da mesa. Sen máis preámbulos, o doutor procede a explicarlles:*

*-As probas son negativas. Non pode quedar embarazada. Se algunha vez sucede, ten risco de aborto. Nestes casos é mellor adoptar. Síntoo moito.*

*Pero ela non quere adoptar. Está decidida a intentalo e el apóiaa no que pode. Así seguiron, pero non obtiveron resultados. Dous abortos e ningún fillo.*

E aí foi cando por segunda vez sentiu que o medo a consumía. Ela non tiña fillos. Quen era entón a nena que acababa de deitar? Que estaba a pasar?

Ela non quería darse a volta. Non podía. O terror tiña sen se poder mover. Armándose de valor, intenta xirar e aí é cando sente os aloumiños do "seu marido" no seu pelo e a respiración "da súa filla" no oído. Esa é a súa perdición. Un berro foxe dos seus labios, alertando a todo o edificio.

Cando os oficiais (alertados polos veciños) chegan, encontran a muller morta de terror. Na parede, podíase ver claramente escrito con sangue a palabra: "FLASHBACK"